

*morreu*



*o demo*

# GRUPO DE ARTES ESCÉNICAS

A AC Morreu o Demo conta cun grupo de traballo dedicado de xeito específico ás artes escénicas.

## OBXECTIVO

O obxectivo deste grupo é facilitar a recuperación de formas de teatro de títeres tradicionais no panorama galego dos monicreques así como a súa integración en calquera outra forma de proxecto escénico e artístico.

Para isto desenvolve accións nos seguintes campos:

- ▣ Produción, desde a propia asociación, de espectáculos que recuperan formas de teatro e de títeres populares e tradicionais.
- ▣ Elaboración do programa do festival Titiriberia e doutras propostas de artes escénicas da asociación.
- ▣ Seguimento da situación escénica e titiriteira do país e mantemento de contactos con profesionais desta arte, a procurar a difusión do legado do títere tradicional.
- ▣ Asesoramento sobre títeres tradicionais e o legado galego de Barriga Verde para todo tipo de proxectos escénicos alleos á asociación, con vistas a procurar unha axeitada integración e representación deste patrimonio escénico.
- ▣ Representación da AC Morreu o Demo en foros escénicos e de investigación, medios de comunicación e outros espazos en todo o que se refira ao títere tradicional.

## COMPOÑENTES

O grupo de traballo está conformado por profesionais dos títeres, especialistas na investigación da tradición titiriteira e persoas vencelladas ás artes escénicas desde diferentes ámbitos (actuación, investigación, docencia).

No comezo de 2021 os seus membros son:

🏠 **Comba Campoi:** Xornalista e investigadora, promotora cultural e produtora executiva en Tintimán Audiovisual, unha sociedade dedicada á produción de documentais, entre outras actividades de promoción cultural. Tamén ten experiencia nas artes escénicas, como actriz e xornalista (dirixiu a revista Escaramuza da AAAC). No ano 2012 produciu a longametraxe documental *Morreu o Demo, acabouse a peseta*, ao redor da figura de Barriga Verde e da tradición europea de títeres de luva. Na súa tese doutoral “O teatro popular de marionetas como medio de comunicación das subalternas. O caso do espectáculo de Barriga Verde na Galiza de Posguerra (1936- 1960)” investigou o papel das barracas de feira como forma de comunicación popular durante o franquismo.

🏠 **Anxo García:** Membro da compañía Viravolta Títeres, fundada en 1982, de Seisdedos Marionetas Tradicionais e de Teatro da Ramboia (gañadora do Certame Manuel María para textos teatrais 2018). Produtor e manipulador en espectáculos de títeres, coordinador do Museo Galego da Marioneta e dos festivais Titirideza e Titirentroido xunto con Pilar Álvarez e Xulio Balado. Investigador da tradición titiriteira galega e un dos reponsables da recreación do espectáculo *Barriga Verde* por Viravolta Títeres.

🏠 **Larraitz Urruzola:** veterana titiriteira e actriz, con experiencia no campo da produción da artes escénicas, ten desenvolvido desde a súa compañía Babaluva múltiples propostas de narración oral a integrar títeres, como *O Quebranoces* ou *A viaxe de Rosalía*. O groso da súa experiencia como titiriteira deuse dentro do proxecto Teatro Buratini, co que acumulou máis de 1.300 representacións de diferentes espectáculos. Ademais ten participado en producións de Fantoques Baj como *Pedro e o Lobo* ou *Os Golfiños e o Xigante*, en proxectos de Títeres Cachirulo ou da veterana compañía Os Monicreques de Kukas. Na actualidade representa a primeira versión de Barriga Verde con personaxe feminino, producida no marco deste mesmo festival.

🏠 **Santi Prego:** Fundador das compañías Ollomol-teatro submarino e Ollomoltranvía. Foi director da revista Escaramuza da Asociación de Actores e Actrices de Galicia. É licenciado en Filosofía, doutor en Artes Escénicas pola UVigo e na actualidade profesor da Escola Superior de Arte Dramática de Galicia. No seu currículo figuran programas de televisión como “Rías Baixas” ou “Libro de familia”, os filmes “Mientras dure la guerra”, “La vida que te espera” ou “Para que no me olvides” e proxectos escénicos como “O burgués fidalgo”, “Mensaxe nunha botella de plástico”, “Contos da Lúa” ou “Peer Gynt”.

🏠 **Borja Insua:** Responsable de Títeres Alakrán, estudou o Ciclo Superior de Escultura na Escola de Artes Aplicadas e Oficios Mestre Mateo en Santiago de Compostela. En Barcelona especialízase na técnica de fío no grupo–taller de marionetas do mestre titiriteiro Pepe Otal. Foi un dos membros fundadores do colectivo Bulubús, que aglutinou a máis de 30 compañías de todo o mundo, participando no Festival Internacional de Títeres de Bilbao. Ademais, ten impartido cursos de construción e manipulación de títeres en Galicia, Bilbao, Cuba e México. No seu haber escénico destacan “Os soños na gaiola”, “Barrigaverde ataca de novo”, “Mr. Pancho e a última función” ou “El retablillo de Don Cristóbal” de Federico García Lorca, entre outras.

🏠 **Lucho Penabade:** Licenciado en filoloxía galego-portuguesa na USC. Dramaturgo, director e actor na Compañía Os Quinquilláns que fundou en 1989. Traballou para outras compañías como Fantoches Baj Babaluva Teatro, Volta e Dálle Teatro, Andaravía Teatro, Larraitz Urruzola... Tamén traballou no audiovisual galego e desde hai 20 anos dirixe a compañía “Aquelando Teatro” de Muros.

🏠 **Tero Rodríguez:** Licenciada en Filoloxía Hispánica, Filoloxía Galego-Portuguesa e en Arte Dramática na especialidade de Dirección de Escena. Docente teatral para diferentes institucións galegas. Actriz e directora de espectáculos teatrais, ten participado en montaxes de compañías como Cordayre, Nobicarelo, Lagarta Lagarta, Fantoches Baj... Desde 2009 traballa ininterrompidamente en Os Quinquilláns.

## ACCIÓNS

### 2021

- 📁 Elaboración do programa do Festival Titiriberia (marzo-xuño de 2021).
- 📁 Produción, dirección artística e apoio da montaxe “As varietés de Barriga Verde” 3: Maio-xuño de 2021. Estrea 23 de xullo de 2021. Auditorio de Rianxo.  
[https://www.youtube.com/watch?v=Te9B\\_aGI7ro&t=19s](https://www.youtube.com/watch?v=Te9B_aGI7ro&t=19s)
- 📁 Asesoramento e apoio á creación de “Máscara Maldita” de Nando Llera. Marzo-xuño de 2021. Estrea 23 de xullo de 2021  
<https://youtu.be/WyjX73KJmGg>
- 📁 Coordinación e asesoramento para A Barraca de Barriga Verde na feira de Francos. Outubro.  
<https://barrigaverde.eu/cms/barriga-verde-volta-a-feira-cabalar-de-san-martino-en-teo/>

### 2020

- 📁 Elaboración do programa do Festival Titiriberia (xuño-setembro de 2020).
- 📁 Produción, dirección artística e apoio da montaxe “As varietés de Barriga Verde” 3: Outubro Decembro de 2020. Estrea 30 de decembro de 2020. Auditorio de Rianxo.  
<https://youtu.be/4y6PekaGqJo>
- 📁 Asesoramento e apoio á creación e montaxe da exposición Kinetico: Xuño-Setembro de 2020. Inauguración 22 de decembro de 2020

### 2019

- 📁 Elaboración do programa do Festival Titiriberia (xuño-setembro de 2019).
- 📁 Produción de “As varietés de Barriga Verde” 2: Setembro-Novembro de 2019. Estrea 10 de novembro de 2019. Feira de Francos. Teo.  
<http://barrigaverde.eu/cms/titiriberia-a-sua-barraca-na-feira-de-francos-co-espectaculo-as-varietes-do-barriga-verde/>
- 📁 Asesoramento nas animacións de rúa da feira de Francos. “O cego dos monifates”, “O zancudo” e as farsas da Asociación galega de Commedia dell’Arte Gli Indignati. 11 de novembro de 2019. Feira de Francos. Teo.  
<http://barrigaverde.eu/cms/titiriberia-enchera-de-tradicion-e-monicreques-a-feira-de-francos-no-dia-de-san-martino>

## 2018

- 📁 Elaboración do programa do Festival Titiriberia (xuño-setembro de 2018).
- 📁 Asesoramento nas animacións de rúa da feira de Francos. “O cego dos monifates”, “O zancudo”. Novembro de 2018. Feira de Francos. Teo.
- 📁 Asesoramento e apoio á produción de “Dona Barriga Verde”: Xuño-Novembro de 2018 (previo á incorporación de Larraitz Urruzola á asociación)
- 📁 Estrea 11 de novembro de 2018. Feira de Francos. Teo.  
<http://barrigaverde.eu/cms/larraitz-urruzola-muda-as-normas-con-dona-barriga-verde>  
<https://youtu.be/VnmeUZuqs6M>
- 📁 Produción de “As variedades de Barriga Verde”: Setembro-Novembro de 2018 <http://barrigaverde.eu/cms/titiriberia/edicion-2018/programacion/>
- 📁 Estrea 10 de novembro de 2018.
- 📁 Asesoramento no guiión e montaxe de “Barriga Verde e o Monstro Come-Risos” (decembro de 2018) Estrea 1 de marzo de 2019. CPI Virxe da Saleta. Cea  
<http://barrigaverde.eu/cms/barriga-verde-no-entroido-do-cole-de-cea/>  
<https://youtu.be/lkNYVAarwI8>  
<https://photos.google.com/share/1QipM5FLAi5mngI5dtTtJBnXdclolDvWjUTGShRut8VjSvj5fzd0vrJhnVb6PCFnrH0A?key=MUdLc1o5RXpzbIhuZE5GTk5IMTBVNGRtWIZIWFRn>

## 2017

- 📁 Elaboración do programa do Festival Titiriberia (xuño-setembro de 2017).
- 📁 Asesoramento nas animacións de rúa da feira de Francos. “O cego dos monifates”, “O zancudo”. Novembro de 2017. Feira de Francos. Teo.

## 2016

- 📁 Elaboración do programa do Festival Titiriberia (xuño-setembro de 2016).
- 📁 Asesoramento nas animacións de rúa da feira de Francos. “O cego dos monifates”, “O zancudo”. Novembro de 2016. Feira de Francos. Teo.
- 📁 Asesoramento e coprodución, con Viravolta Títeres de “Barriga Verde de Manuel María” Estrea 17 de setembro de 2016. Lalín.  
<http://barrigaverde.eu/cms/viravolta-presenta-o-barriga-verde-de-manuel-maria/>

2015

- 📁 Asesoramento no guiión e montaxe de “Barriga Verde ataca de novo”: Xaneiro de 2015 (previo á incorporación de Borja Insua á asociación)  
Estrea 27 de marzo de 2015. A Arca da Noe. Vilar de Santos.  
<http://barrigaverde.eu/cms/un-novo-barriga-verde-sae-a-escena/>